

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

- 3** *Real decreto 1113/2015, do 11 de decembro, polo que se desenvolve o réxime xurídico do Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións.*

O artigo 20.1 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, no marco do proceso de racionalización e simplificación xeral da estrutura organizativa do sector público estatal, establece a creación do Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións, órgano colexiado de consulta e asesoramento, que se adscribe ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. O punto 4 do artigo anteriormente mencionado establece que se determinarán regulamentariamente a composición e o funcionamento do Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións.

O propio lexislador atribúe ao Consello o cumprimento da finalidade xeral de mellora da calidade técnica na definición e execución das políticas e actuacións estatais de control da oferta e redución da demanda de drogas, así como doutras adiccións como a ludopatía, e dos seus prexudiciais efectos na vida das persoas e na sociedade que promova, coordine ou leve a cabo a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas. Para tal efecto, outórgaselle, en particular, un conxunto non pechado de funcións específicas que poden ser obxecto de desenvolvemento legal ou regulamentario.

Por outra parte, no que respecta á composición do novo órgano, cómpre lembrar que a lei obriga a que a norma regulamentaria de desenvolvemento garanta a presenza das distintas administracións públicas con competencias en materia de control da oferta e redución da demanda de drogas e doutras adiccións, da Fiscalía Xeral do Estado e dos principais axentes sociais implicados na prevención e no tratamento dos problemas relacionados coas drogodependencias e outras condutas adictivas.

En paralelo, a disposición adicional segunda da Lei 15/2014, do 16 de setembro, suprime, por un lado, o grupo interministerial para o Plan Nacional sobre Drogas, regulado no Real decreto 1116/2006, do 2 de outubro, polo que se determina a composición e estrutura do grupo interministerial para o Plan Nacional sobre Drogas e, por outro lado, o Consello Asesor do Observatorio Español sobre a Droga e as Toxicomanías, sometido ao previsto na Orde do Ministerio do Interior, do 24 de novembro de 1998, pola que se regulan as funcións, a composición e a estrutura do Consello Asesor do Observatorio Español da Droga e as Toxicomanías. Derróganse ambas as normas de maneira expresa.

Malia o anterior, o punto 1 da disposición transitoria segunda da Lei 15/2014, do 16 de setembro, prevé que os órganos colexiados adscritos ao Plan Nacional sobre Drogas que se suprimen continuarán desempeñando as súas funcións, de acordo coa súa normativa reguladora respectiva, ata o momento da constitución do Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións.

Mediante este real decreto e para dar cumprimento ao mandato legal sinalado, acométese a regulación deste órgano de nova creación e, en particular, regúlase o réxime xurídico do Consello no que respecta aos seus fins, competencias, estrutura, normas de funcionamento e composición; o nomeamento, substitución e cesamento dos seus membros; as funcións da presidencia, vicepresidencia e secretaría e, finalmente, o réxime do pleno. Todo isto con vistas a garantir o adecuado e eficaz funcionamento, así como o cumprimento da finalidade que se lle atribúe legalmente ao propio Consello.

Así mesmo, considérase necesario atribuír ao Consello, tendo en conta a súa composición, estrutura e normas de funcionamento particulares, algunhas das funcións básicas que viñan realizando os dous órganos suprimidos para evitar unha posible diminución na eficacia da dita estrutura específica e para que tales funcións sexan

exercidas dunha forma máis coordinada, eficaz, eficiente e áxil polo órgano de nova creación. Todo isto en aplicación dos obxectivos ou fins xerais que fundamentan a Lei 15/2014, do 16 de setembro.

O real decreto consta, ademais do presente preámbulo, de doce artigos, tres disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e catro disposicións derradeiras. Nos artigos 1 ao 12 establécense as normas específicas aplicables ao Consello Español de Drogodependencias e Outras Adiccións no referente á súa adscrición, ao apoio a el, aos seus fins, ás súas funcións, á súa estrutura, ás súas normas de funcionamento, á súa composición, ás normas para o nomeamento, substitución e cesamento dos seus membros, ao réxime da súa presidencia, vicepresidencia e secretaría, así como ao réxime do pleno do órgano. Este réxime poderá, pola súa vez, ser completado, respectando a legalidade vixente e, en particular, o disposto no artigo 20 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, e neste real decreto, mediante a aprobación polo mesmo órgano do seu regulamento de réxime interior.

Polo que respecta á determinación da composición do Consello tívose en conta tanto o disposto nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 20 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, sobre a natureza, os fins e as funcións do dito órgano, como o especificamente previsto no punto 4 do mesmo artigo. Por esta razón, este real decreto recolle a representación maioritaria, pero non exclusiva, dos ministerios e órganos superiores e directivos da Administración xeral do Estado, así como dos organismos e axencias que dependen desta, que teñen atribuídas na actualidade competencias que afectan ou poden afectar máis directamente o cumprimento dos fins e das funcións legais xa mencionados e que, por tal motivo, deben estar presentes no Consello. E, xunto a esa representación estatal, prevese, de acordo co establecido legalmente, a representación das administracións públicas autonómicas e locais, da Fiscalía Xeral do Estado, así como dos principais axentes sociais implicados na prevención e atención integral da problemática relativa ás drogodependencias e outras adiccións. Neste último caso, incorporáronse representantes da comunidade científica, das entidades privadas sen ánimo de lucro máis representativas de ámbito estatal e das organizacións empresariais e sindicais máis representativas tamén de ámbito estatal.

O artigo 20.4 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, garante que a Fiscalía Xeral do Estado teña representación no Consello. Esta presenza xustifícase, así mesmo, porque a maior parte dos fins e funcións que antes tiña atribuídos o agora extinto Consello Asesor do Observatorio Español da Droga e as Toxicomanías foron asumidos por este Consello. Por último, considérase que o asesoramento técnico da Fiscalía Xeral do Estado á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas ten unha importancia fundamental que se desenvolve no ámbito das competencias atribuídas nas alíneas l), m), ñ) e o) do artigo 7.2 do Real decreto 200/2012, do 23 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e se modifica o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais.

En canto á determinación da estrutura do Consello e tendo en conta tanto os seus fins técnicos como a súa heteroxénea composición, optouse por establecer unha configuración desconcentrada do órgano, o que garante o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas funcións de maneira eficaz e sen mingua do cumprimento do principio de unidade de acción e dos deberes de coordinación correspondentes.

O pleno, en que estarán representados todos os membros do Consello, decidirá en última instancia sobre todos os asuntos da súa competencia, así como sobre aqueles asuntos ou materias concretas que aquel reserve para si. Así mesmo, prevese a posibilidade de que o pleno, por iniciativa propia, dispoña a creación de grupos de traballo.

A disposición adicional primeira regula, pola súa parte, o procedemento e os prazos para a constitución inicial do órgano creado, así como para o nomeamento inicial das vogalías, da secretaría e do pleno do órgano.

Tendo en conta a disposición adicional segunda, a actividade do novo órgano non poderá supor un aumento do gasto público.

A disposición adicional terceira contén o réxime específico que se aplicará só aos membros da representación estatal no Consello nos casos en que se produzan modificacións orgánicas e/ou funcionais dos departamentos e órganos da Administración xeral do Estado e/ou nos organismos e entidades públicos dela dependentes que aqueles representen, coa finalidade de garantir, en condicións de seguridade xurídica, o normal desempeño das súas funcións a tales membros e o normal desenvolvemento das súas funcións e actividades ao propio órgano referido.

A disposición derradeira primeira mantén a figura dos coordinadores departamentais, pola súa grande importancia para o adecuado funcionamento da estrutura específica do Plan Nacional sobre Drogas, xa que esta se contiña no derogado Real decreto 1116/2006, do 2 de outubro. Ben que na presente regulación se trata de adaptar esa figura á representación ministerial no Consello Español de Drogodependencias e Outras Adicións e na Conferencia Sectorial do Plan Nacional sobre Drogas.

Na disposición derradeira segunda establécese a habilitación para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

A disposición derradeira terceira contén unha previsión sobre a adaptación de referencias normativas, necesaria tras a aprobación da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a cal será aplicable só ata o momento en que se produza a súa entrada en vigor por completo.

Por último, na disposición derradeira cuarta determínase o réxime de entrada en vigor desta norma, que se adaptou ao previsto na disposición transitoria segunda da Lei 15/2014, do 16 de setembro.

O presente real decreto apróbase ao abeiro das habilitacións para o desenvolvemento regulamentario que están reguladas no artigo 20.4 e no primeiro parágrafo da disposición derradeira quinta da Lei 15/2014, do 16 de setembro.

Durante o proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla a través dos seus representantes na Conferencia Sectorial do Plan Nacional sobre Drogas, a Fiscalía Xeral do Estado, así como os demais organismos públicos e entidades afectados directamente por el.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de decembro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto desenvolver o disposto no artigo 20 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e doutras medidas de reforma administrativa, polo que se crea o Consello Español de Drogodependencias e Outras Adicións, en diante o «Consello», particularmente no que respecta á súa composición e ao seu réxime de funcionamento.

Artigo 2. *Natureza e adscrición.*

1. O Consello é, no ámbito material das drogas tóxicas, substancias estupefacientes e psicotrópicas, doutras drogas diferentes ás anteriores e, en xeral, das adicións provocadas polo uso ou consumo dos referidos produtos ou doutros diferentes, ou polo desenvolvemento de actividades ou condutas distintas das anteriores, como ocorre coa ludopatía, un órgano colexiado interministerial:

a) De consulta e asesoramento da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, dos previstos no artigo 22.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

b) De participación nas políticas ou actuacións de competencia estatal nos ámbitos da prevención e/ou a atención integral ás adiccións, que sexan promovidas, levadas a cabo ou coordinadas pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas por parte das administracións públicas non estatais, da Fiscalía Xeral do Estado e dos principais axentes sociais implicados nos ámbitos referidos.

2. O Consello estará adscrito ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, a cal prestará ao primeiro o apoio necesario, cos seus recursos humanos e materiais, para o desempeño das súas funcións.

Artigo 3. *Fins.*

1. O Consello créase coa finalidade xeral de mellorar a calidade técnica na definición e execución das políticas e actuacións estatais de control da oferta e de redución da demanda de drogas, así como doutras adiccións, e dos seus prexudiciais efectos na vida das persoas e na sociedade, que promova, coordine ou leve a cabo a Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas no ámbito das competencias que esta ten atribuídas e, con tal mellora, a da eficacia das políticas e actuacións indicadas.

2. En concreto, o Consello deberá cumprir os seguintes fins:

a) Colaborar coa Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas co fin de conseguir a maior coordinación e eficacia administrativas na definición e execución técnicas das políticas e actuacións referidas no punto 1.

b) Actuar como órgano permanente de consulta e asesoramento técnico da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas para o adecuado cumprimento das competencias que ten encomendadas.

c) Propor á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas as medidas e actuacións de competencia estatal que deba adoptar o Goberno e que o Consello considere necesarias ou convenientes para o adecuado e eficaz cumprimento da finalidade xeral indicada no punto 1, así como do fin concreto indicado na alínea a).

Artigo 4. *Funcións.*

1. Para o cumprimento dos seus fins, o Consello terá as seguintes funcións:

a) Elaborar cantos informes, suxestións e propostas lle sexan solicitados pola Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

b) Promover e realizar, por propia iniciativa, cantos informes, suxestións, propostas ou outro tipo de actuacións considere necesarios no marco das súas competencias.

c) Coñecer e emitir informe, antes da súa aprobación, sobre os proxectos da Estratexia nacional sobre drogas polos cales se actualice periodicamente o Plan Nacional sobre Drogas, os dos plans de acción para o desenvolvemento e complemento daquela e, de ser o caso, os que teñan por obxecto a planificación estatal en materia de adiccións.

d) Analizar, debater e seguir, en xeral, desde un punto de vista técnico, as iniciativas, os proxectos, os programas e as actuacións da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, así como a avaliación dos seus resultados ou efectos.

e) Prestar apoio técnico á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, cando esta llo solicite, na cooperación desta con outros organismos e institucións públicos de calquera ámbito territorial, incluídos os das organizacións internacionais, os da Unión Europea e os doutros Estados, sempre que teñan atribuídos fins similares aos da dita delegación ou aos do Consello, ou outros fins en materia de drogas ou adiccións.

f) Aprobar o seu regulamento de réxime interior.

g) As demais que se lle atribúan por outra disposición de carácter xeral para o cumprimento dos fins e funcións que ten atribuídos nos puntos 2 e 3 do artigo 20 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, e no artigo 3 deste real decreto.

2. Os estudos, suxestións, informes, propostas e demais actuacións que realice ou promova o Consello no exercicio das funcións que se lle atribúen no punto anterior non terán, en ningún caso, carácter vinculante, salvo que unha norma con rango de lei así o estableza.

Artigo 5. *Estrutura.*

O Consello estará estruturado, cumprirá os seus fins e exercerá as súas funcións en:

- a) Pleno.
- b) Grupos de traballo especializados.

Artigo 6. *Normas de funcionamento.*

1. O Consello quedará sometido no seu funcionamento ao establecido neste real decreto, na sección 3.^a do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e, no non previsto neles, ao establecido no seu regulamento de réxime interior.

2. As reunións do pleno e dos grupos de traballo especializados, así como a adopción de acordos por eles, poderán ter lugar ben coa presenza física dos seus membros ou ben a distancia, coa utilización por estes de medios electrónicos.

A constitución e a convocatoria do pleno e dos grupos de traballo especializados, así como tamén a celebración das súas sesións e a adopción de acordos, tanto de forma presencial como a distancia, quedarán sometidas ao establecido no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. De cada reunión, presencial ou a distancia, do pleno ou dos grupos de traballo especializados redactará acta o secretario, a cal quedará sometida ao previsto no artigo 18 da citada lei.

O pleno poderá ser convocado pola persoa titular da presidencia do Consello coa frecuencia que se considere necesaria para dar adecuado e eficaz cumprimento aos fins que ten atribuídos, por propia iniciativa ou logo de petición da maioría dos membros que integren o dito órgano.

O pleno deberá ser convocado e reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano.

3. Para a válida constitución do pleno e dos grupos de traballo especializados, para efectos da celebración das súas sesións e deliberacións e da toma de acordos, presencialmente ou a distancia, aplicarase o previsto no artigo 17.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Os acordos do pleno e dos grupos de traballo especializados deberán ser adoptados por maioría simple de votos dos membros concorrentes, salvo que se trate da aprobación do regulamento de réxime interior ou das súas modificacións, caso en que se requirirá un acordo adoptado por maioría absoluta dos membros do pleno do Consello.

Para os efectos de obtención do quórum sinalado para as reunións e deliberacións e das maiorías para a toma de acordos computaranse tanto os membros presentes como aqueles que expresamente delegasen a súa representación e voto en calquera outro membro do pleno para os asuntos que se vaian tratar.

4. O exercicio das súas funcións por parte de todos os membros do pleno do Consello non xerará dereito a percibir ningunha contraprestación por tal circunstancia.

Artigo 7. *Composición.*

O Consello terá a seguinte composición:

- a) Presidencia: corresponderá á persoa titular da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade.
- b) Vicepresidencia: corresponderá á persoa titular da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.
- c) Con rango administrativo de subdirector ou subdirectora xeral, ou outro asimilado a el, as seguintes vogalías:

1.^a Do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, dependentes da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, dúas vogalías da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas e unha vogalía de cada un dos seguintes órganos e organismos: Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, Dirección Xeral de Servizos para a Familia e a Infancia, Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades e Instituto da Xuventude. Así mesmo, unha vogalía da Secretaría Xeral de Sanidade e Consumo.

2.^a Do Ministerio do Interior: unha vogalía en representación da Secretaría de Estado de Seguridade e unha vogalía en representación da Dirección Xeral de Tráfico.

3.^a Do Ministerio de Xustiza: unha vogalía.

4.^a Do Ministerio de Emprego e Seguridade Social: unha vogalía.

5.^a Do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte: unha vogalía.

6.^a Do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas: unha vogalía en representación da Dirección Xeral de Coordinación da Administración Periférica do Estado e unha vogalía en representación da Dirección Xeral de Ordenación do Xogo.

7.^a Do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación: unha vogalía.

8.^a Das administracións públicas das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla: dúas vogalías, pertencentes a distintas comunidades autónomas ou cidades con estatuto de autonomía e, preferentemente, membros da Comisión Interautonómica da Conferencia Sectorial do Plan Nacional sobre Drogas.

9.^a Das administracións públicas das entidades locais: dúas vogalías por proposta da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

d) Terán tamén a condición de vogais do pleno:

1.^o En representación da Fiscalía Xeral do Estado, un membro da carreira fiscal en activo, de conformidade cos trámites previstos na Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal.

2.^o En representación dos principais axentes sociais e da comunidade científica: catro persoas expertas, con recoñecido prestixio e ampla experiencia profesional nos ámbitos da prevención das adiccións ou da atención a estas, así como da docencia ou da investigación no campo das ciencias experimentais; catro persoas expertas con recoñecido prestixio e ampla experiencia profesional nos ámbitos da prevención das adiccións ou da atención a estas, así como da docencia ou da investigación no campo das ciencias sociais; catro representantes das entidades privadas sen ánimo de lucro de ámbito nacional; dous representantes das organizacións, federacións ou confederacións máis representativas de ámbito nacional das grandes, medianas e pequenas empresas; e, por último, dous representantes das organizacións, federacións ou confederacións sindicais máis representativas de ámbito nacional.

e) Secretaría: un funcionario ou funcionaria, con voz pero sen voto, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas con rango administrativo de subdirector ou subdirectora xeral ou equivalente.

Artigo 8. Nomeamento, substitución e cesamento de titulares de vogalías e da secretaría do Consello.

1. O nomeamento e o cesamento dos titulares das vogalías e da secretaría do Consello corresponderán á persoa titular da súa presidencia, mediante resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado», logo do cumprimento dos requisitos que se indican a seguir:

a) Vogalías mencionadas no artigo 7.c). 1.^a, 2.^a, 3.^a, 4.^a, 5.^a, 6.^a e 7.^a: por proposta do titular do ministerio, órgano administrativo, organismo ou axencia estatal que respectivamente representen.

b) Vogalías mencionadas no artigo 7.c).8.^a: de forma rotatoria, cada dous anos e seguindo a orde de precedencia das distintas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla que estea establecida.

c) Vogalías mencionadas no artigo 7.c).9.^a: por proposta efectuada polo órgano directivo competente da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación.

d) Vogalía mencionada no artigo 7.d).1.^o: por proposta da persoa titular da Fiscalía Xeral do Estado.

e) Vogalías de expertos da comunidade científica mencionadas no artigo 7.d).2.^o: por proposta da persoa titular da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas logo de consulta, no caso do nomeamento, a expertos ou expertas que reúnan os requisitos establecidos no dito artigo e logo de aceptación expresa daqueles que vaian ser propostos e, no caso do cesamento, logo de petición expresa das persoas concernidas.

f) Vogalías representantes das entidades, organizacións, federacións ou confederacións mencionadas no artigo 7.d).2.^o: por proposta dos seus órganos de dirección.

g) Secretaría: por proposta da persoa titular da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

2. Nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, as persoas titulares das vogalías e da secretaría poderán ser substituídas por outras que reúnan os requisitos exixidos nesta norma ás persoas substituídas para o desempeño das súas respectivas funcións.

O nomeamento e o cesamento dos substitutos ou substitutas estarán sometidos tamén ao establecido, en cada caso, no punto anterior.

Artigo 9. *Presidencia.*

Corresponden á persoa titular da presidencia do Consello as seguintes funcións:

a) Dirixir, promover e coordinar a súa actuación, tanto do pleno como dos grupos de traballo que se poidan crear.

b) As establecidas no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

c) As demais que se atribúen á presidencia neste real decreto e, de ser o caso, as que se lle atribúan noutra disposición de carácter xeral, no regulamento de réxime interior ou nun acordo do pleno.

Artigo 10. *Vicepresidencia.*

1. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade do titular da presidencia do Consello, as funcións atribuídas a el no artigo 8.1 serán exercidas pola persoa titular da vicepresidencia.

2. A persoa titular da vicepresidencia do Consello terá, así mesmo, aquelas outras funcións distintas das previstas no punto anterior que, de ser o caso, lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interior ou nun acordo do pleno.

Artigo 11. *Secretaría.*

A persoa titular da secretaría do Consello terá as funcións establecidas no artigo 19.4, segundo parágrafo, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e aquelas outras que, de ser o caso, se lle atribúan no regulamento de réxime interior ou nun acordo do pleno.

Artigo 12. *O pleno.*

Corresponden ao pleno do Consello:

- a) O cumprimento dos fins e das funcións establecidos nos puntos 2 e 3 do artigo 20 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, e no artigo 3 deste real decreto, sen prexuízo do seu cumprimento tamén polos grupos de traballo que, de ser o caso, se poidan crear.
- b) Conformar grupos de traballo integrados por membros do pleno.

Para que os acordos adoptados polos grupos de traballo sexan representativos da vontade do Consello e produzan plenos efectos requirirase obrigatoriamente a súa ratificación expresa por parte do pleno.

Disposición adicional primeira. *Nomeamentos e constitución iniciais do Consello.*

1. Dentro do prazo máximo de tres meses contados desde o día da entrada en vigor deste real decreto, deberase efectuar o nomeamento das persoas titulares das vogalías e da secretaría do Consello.
2. A constitución inicial do Consello deberá ter lugar dentro do prazo máximo de catro meses contados desde o día da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

O funcionamento do Consello non suporá ningún incremento do gasto público e será atendido cos medios persoais, materiais, técnicos e orzamentarios asignados á Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas.

Disposición adicional terceira. *Modificacións orgánicas e/ou funcionais.*

1. Cando se produzan modificacións orgánicas e/ou funcionais na estrutura da Administración xeral do Estado e/ou dos organismos e entidades públicos dependentes dela que afecten os departamentos, órganos, organismos, entidades ou axencias con representación no Consello, de acordo co disposto no artigo 7.a), b) e c), as mencións a estes, así como aos seus titulares, que se conteñen no dito artigo, e as que se fagan tamén a eles noutros preceptos e disposicións deste real decreto, ou da súa normativa de desenvolvemento, entenderanse feitas aos departamentos, órganos, organismos, entidades e axencias aos cales se lles atribúan, posteriormente, as competencias que os primeiros teñen recoñecidas, en cada caso, na actualidade nas súas respectivas normas orgánicas e/ou funcionais reguladoras, así como aos seus titulares, salvo que se estableza outro réxime diferente nas normas xurídicas de modificación.

2. Nos supostos a que se refire o punto anterior, as persoas titulares das vogalías do Consello que representen a Administración xeral do Estado ou os organismos e entidades públicos dependentes dela continuarán desempeñando as súas funcións no dito órgano, excepto nos casos seguintes:

a) Cando exista unha proposta expresa e escrita de cesamento desas persoas efectuada polos titulares dos departamentos, órganos, organismos, entidades ou axencias aos cales lles sexan atribuídas posteriormente as competencias e dirixida á persoa que exerza a presidencia do Consello, a cal levará a cabo tal cesamento mediante resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

b) Cando concorran nas persoas referidas outra causa, legal ou regulamentariamente prevista, distinta da indicada na alínea a), que lles impida seguir desempeñando as súas funcións no Consello. En tal caso, os membros afectados deberán comunicar, por escrito e coa maior brevidade posible, a concorrencia de tal causa ao titular da presidencia, o cal efectuará o seu cesamento na forma prevista na alínea a), se constatou a existencia da causa alegada e, asemade, iniciará os trámites para a designación do novo membro substituto segundo o establecido neste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas, con carácter xeral, cantas normas xurídicas, de igual ou inferior rango, contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Coordinadores departamentais do Plan Nacional sobre Drogas.*

1. Con excepción do ministerio que teña atribuída a competencia de coordinación e execución do Plan Nacional sobre Drogas, en todos os ministerios representados no Consello existirá unha persoa designada como coordinadora departamental para efectos do Plan Nacional sobre Drogas.

A función de coordinación departamental será exercida en cada ministerio, coa excepción indicada no parágrafo anterior, pola persoa que represente este no Consello salvo que outra norma xurídica con rango, ao menos, de real decreto estableza outro réxime diferente, sen que isto poida determinar un incremento dos postos de traballo actuais nin tampouco das retribucións daqueles que exerzan a función referida.

Coa mesma excepción, cando un departamento teña varias vogalías no Consello, exercerá a función de coordinación para efectos do Plan Nacional sobre Drogas en tal departamento a persoa que teña atribuída a representación do órgano superior ou directivo, organismo, entidade ou axencia que estea mencionado en primeiro lugar no artigo 7.c) ou ao cal lle fosen atribuídas as súas competencias.

2. Cando sexa necesario, poderán nomearse coordinadores ou coordinadoras departamentais para efectos do Plan Nacional sobre Drogas, mediante orde do titular do departamento que teña atribuída a competencia de coordinación e execución do Plan Nacional sobre Drogas, naqueles ministerios que non conten con representación permanente no Consello, logo de audiencia e co informe favorable de tales ministerios.

Tales coordinadores ou coordinadoras, que deberán ter, ao menos, un rango administrativo de subdirector ou subdirectora xeral, ou asimilado, non formarán parte integrante do Consello referido, salvo que a orde do seu nomeamento ou outra norma con rango de lei ou de real decreto establezan o contrario. Non obstante, poderán incorporarse, de forma eventual, ao pleno do Consello ou a grupos de traballo sen que poidan percibir por iso ningunha contraprestación económica.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Habilitase a persoa titular do departamento que teña atribuída a competencia de coordinación e execución do Plan Nacional sobre Drogas para desenvolver o disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Referencias normativas.*

Mentres non se produza a entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, todas as referencias a artigos desta contidas neste real decreto se entenderán feitas aos correspondentes artigos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de decembro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade,
ALFONSO ALONSO ARANEGUI